

Anuncio

O Pleno do Concello de O Valadouro en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de agosto de 2016, acordou a aprobación inicial da Ordenanza reguladora do Cemiterio Municipal do Concello de O Valadouro, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para que poida ser examinado e sexan presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o Acordo.

En Valadouro a 11 de agosto de 2016.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2531

VILALBA

Anuncio

Corrección de error

Visto el anuncio publicado en el BOP n.º 150 de 1/07/2016 sobre la “**resolución de la oferta de empleo pública de personal de este Ayuntamiento correspondiente al año 2016**”, en el que consta, tanto en el apartado del grupo A como del grupo C, provisión del puesto de trabajo: concurso-oposición, cuando debe constar: **provisión del puesto de trabajo: oposición libre**, por lo que se procede a su corrección mediante la inserción del presente anuncio en el BOP.

Vilalba, 17/08/2016.- El alcalde. Gerardo Criado Guizán

R. 2536

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES- DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 12 DE AGOSTO DE 2016 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2016.

BDNS(Identif.):315391

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro.- Beneficiarios:

En xeral, poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as entidades, clubs e asociacións de carácter deportivo e recreativo (os estatutos deberán recoller eses fins expresamente) da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que acrediten un número mínimo de 10 socios/as ou partícipes na data da presentación da solicitude, que carezan de finalidade de lucro e que desenvolvan a actividade no ámbito territorial da provincia, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada categoría.

Segundo.Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo- (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) - para a realización de actividades deportivas na anualidade de 2016.

- A. Categoría de axudas á actividade competitiva federada
- B. Categoría de axudas para a organización de eventos deportivos
- C. Categoría de axudas para actividades deportivas

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

Convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2016.

http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6&&contenido=30233&nivel=1400

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

Contía: 500.000,00 euros.

O importe mínimo e máximo estará comprendido no intervalo establecido na seguinte táboa para cada finalidade:

CATEGORÍA	IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
Axudas á actividade competitiva	700 euros	4.000 euros
Axudas á organización de eventos	300 euros	2.000 euros
Axudas para actividades deportivas	300 euros	4.000 euros

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos

Existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados ata o 80% do importe da subvención concedida, con dispensa de garantía.

Lugo, 12 de agosto de 2016.-O Presidente da Deputación, Darío Campos Conde

R. 2576